Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Seres míticos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Castro de Vilachá

O castro de Vilachá está no concello de Boborás (Ourense).

Conta a miña avoa que nas noites de moitos anos atrás podíase escoitar como os cabalos dos mouros galopaban e rinchaban dentro do castro de Vilachá.

Tamén contan os vellos que ao parecer houbera unha pelexa moi grande entre dous mouros; a cousa chegou a tanto que un dos mouros tentou tirarlle unha pedra ao outro pero non puido. Como supostamente os mouros tiñan poderes o que sucedeu foi que a pedra derreteuse e quedou nela a pegada da man do mouro.

Un día fun con meu pai buscar esa pedra e atopámola; é unha pedra na que encaixa perfectamente unha man, coma tentando coller a pedra.

Segundo a lenda o castro de Vilachá ten agochadas no seu interior dúas vigas, unha de ouro e por enriba unha de explosivos.

So se fará coa de ouro, a persoa, que sexa capaz de chegar a ela sen tocar absolutamente nada a de explosivos; do contrario, a súa morte será inminente.

[Texto remitido por Eva Diéguez Alonso, Vilachá, Boborás (Ourense)]